

SAN LORENZO DE A GRANXA

Está estreitamente unida á tradición do Pico Sacro. A documentación que nos dá as principais referencias existe xa dende o século IX, procedente na súa maior parte dos antigos mosteiros de San Lourenzo e de San Sebastián.

O templo conserva varias pezas da fábrica feita para o mosteiro. O presbiterio, a capela maior e o retablo de cachotería son románicos, concretamente do século XII.

O corpo do templo pasou por diversas reconstrucións e prolongacións. Así en 1901 realizouse, de novo, a escaleira de acceso á espadana e a tribuna, mentres que en 1918 restaurase o altar maior.

Destacan as imaxes en madeira feitas no século XVIII: San Xoán Bautista, Santa Lucía e Santa Bárbara. As de San Lourenzo e San Sebastián, tamén en madeira, son do século XIX. As demais tallas da igrexa son de principios do XX, en madeira. A espadana, obra do XVIII, ten dúas campás fundidas en bronce. Consérvanse dúas pías de auga bendita en pedra, datables no século XII, e unha pía bautismal, tamén en pedra labrada no século XII, pertencente á anterior igrexa parroquial de San Sebastián.



Cando en 1973 se levan a cabo unhas importantes obras de restauración do templo, descóbrese unha columna-sepulcro de reliquias, procedente da primitiva construción do século IX.

PLANTA

É unha planta rectangular, composta por unha soa nave cun ábside rectangular máis estreito, ao que se pode acceder a través dun arco de medio punto. Como cuberta empréganse, para nave e presbiterio, bóvedas de canón. No lado dereito da nave engauseulle a sacristía. Consta de dúas portas, unha no muro da fachada e outra no muro norte.

SAN LORENZO DE A GRANXA

ALZADO INTERIOR

Os muros están cubertos por varias capas de enlucido, excepto o arco triunfal de medio punto, lixeiramente rebaixado, que descansa sobre un par de columnas de fuste liso con capiteis, decorados con motivos vexetais, entregados parcialmente.

O ábside cóbrese cunha bóveda de canón, e presenta no muro testeiro unha pequena fiestra alargada e estreita. O resto da nave cóbrese cunha sinxela bóveda de canón. Aos pés do templo levantouse a tribuna sobre a porta principal.

No interior do templo conservase unha ara romana utilizada como pé de altar (ou ara cristián cun *oco* para reliquias na súa parte superior).



ALZADO EXTERIOR

Presenta un tellado a dúas augas. O enlucido oculta a estrutura dos muros a excepción da fachada, composta por mampostería. Dita fachada responde a un esquema pentagonal, na que temos unha sinxela porta adintelada e un remate formado por unha espadana cuadrangular dun corpo cun arco de medio punto peraltado para colocar a campá. Sobre unha cornisa voada, acaba o conxunto un remate piramidal.

No exterior da capela maior destaca unha serie de canzorros figurados, nas cornisas do ábside. Presentan unha iconografía de seres fantásticos e corpos humanos en varias posturas. Son imaxes profanas incluídas como exemplo para catequizar e adoutrinar ao público. Insisten na descrición dos vicios. O seu afán didáctico fai que estas imaxes simbólicas sexan usadas como unha



SAN LORENZO DE A GRANXA

chamada de atención, para dar medo ou para cambiar costumes co seu carácter moralizador.

FONTES DOCUMENTAIS

En 1981 o inventario dita como datas de construción da igrexa os séculos XII e XVIII. De finais do século XII sería a primitiva igrexa románica da que só se conserva a zona correspondente ó presbiterio. As primeiras notificacións documentais lévannos xa ao século XVIII: nunha visita feita en 1728 mandase construír a tribuna, o campanario e a porta principal.

Das diferentes reformas que se foron sucedendo destacan as do ano 1822: fórmanse dous pasos de cantería (un o entrar no coro e outro no altar), iguálanse as sepulturas, arreglase o paso á porta principal e tráense catro pedras de cantería para a espadana. A actual tribuna data de 1903.

ANÁLISE ESTILÍSTICO

A actual igrexa parroquial manifesta diversas fases construtivas. Unha primeira etapa desenrolase en época románica, quizais nos anos finais do século XII polo tipo de columna e capitel. Esta etapa está sinalada pola zona correspondente ó coro ou á capela maior, mantendo os muros orixinais ca súa fiestra en “saetera”, o arco triunfal sobre columnas con capiteis vexetais e a decoración escultórica dos canzorros exteriores.

Unha segunda etapa corresponderíase co primeiro terzo do século XVIII, en época barroca. Nesta etapa reformaríanse os pes do templo ca construción da tribuna, a porta e a espadana. Pero o aspecto actual é produto de reformas aínda posteriores ao XVIII, así a espadana levantouse en 1903.

PEZAS DE ESCULTURA

SANTA LUCÍA

É unha muller de faccións novas, ricamente peiteada e vestida cun suntuoso vestido e manto cubrindo o seu ombro esquerdo e caendo ata a altura da cadeira. Estende a man dereita suxeitando a palma do martirio, mentres na esquerda sostén a fonte cos dous ollos.

SAN LORENZO DE A GRANXA

O seu estilo coincide con pezas manieristas realizadas en Galicia durante as últimas décadas do século XVI: canon corto, rostro ovalado de faccións grosas e carentes de expresión, alto pescozo.

Esta Santa Lucía data dos anos finais do século XVI, respondendo as características do Manierismo (anos finais do Renacemento).

NOSA SEÑORA DO ROSARIO

María elevase sobre un trono de nubes, do cal xorden dúas cabezas de anxos que se volven para contemplala. Viste unha túnica ceñida á cintura, velo branco e un manto que lle recobre os ombros. Ca man dereita ofrece o rosario aos fieis, mentres que ca esquerda aguanta do Neno bendicindo.

A figura asentase sobre unha perna, retirando lixeiramente a outra para lograr un movemento en “S”, destaca o pregue central das vestiduras, beleza serea e idealizada no rostro, acusado perfil curvilíneo dos roupaxes característico na escultura decimonónica.

A talla da Nosa Señora do Rosario foi feita polo escultor compostelán Vicente Portela en estilo neoclásico cara o último cuarto do século XVIII ou primeiro cuarto do século XIX.

SAN XOÁN BAUTISTA

Está representado como un asceta vestindo a característica túnica de pel de cordeiro prendida sobre o ombro esquerdo, quedando o dereito con esa parte do peito e a cadeira ao descuberto. Apoiase sobre unha cruz e xírase sinalando ca man dereita ao Cordeiro, o cal aparece sobre o libro pechado que descansa nunha rama saínte do tronco que pisa o santo.

Mantén o tipo iconográfico máis antigo e difundido: o santo sinala ao Cordeiro. A perna que non recibe o peso do corpo é a esquerda, o mesmo lado cara o que xira o brazo para sinalar ao Cordeiro. Estes movementos úsanse de maneira naturalista, os cales xunto a actitude do Cordeiro que se encarama a Cruz, axudan a romper a sensación de estatismo, característica habitual nas imaxes barrocas feitas durante os primeiros terzos do século XVIII.

SAN LORENZO DE A GRANXA

As características desta peza lévannos a asegurar que se fixo entre 1745 e 1750, en estilo barroco. Pola contra o autor é descoñecido.

SAN ANTONIO DE PADUA

Presentase como un home mozo, imberbe e vestindo o hábito da súa orde atado á cintura cun longo cordón. Sostén no brazo esquerdo o Neno nu que xira o seu corpo alonxándose do santo.

O santo camiña adiantando a perna esquerda, mentres a dereita queda retrasada para aguantar o peso do corpo, e traza así un sinuoso perfil. O hábito resolveuse en diversos pregados que caen ao longo do corpo a causa do propio peso das teas, aínda que ciñe a perna exonerada da que deixa ver o seu contorno. Destaca a maneira que ten o santo de soste o Neno: non leva un pano branco que impedira o contacto entre o humano (santo) e o divino (Neno). Esta peza foi realizada no último terzo do século XVIII, en estilo rococó (Barroco Tardío).

SANTA BÁRBARA

É unha muller moza, vestida cunha dobre túnica romana e un manto corto recollido co brazo esquerdo. Na man esquerda sostén a torre e na dereita leva a palma dos mártires.

Mantén rasgos da imaxinería de principios do século XVIII. As roupas amplas e grosas que ocultan a anatomía, cuns pregues na saia que tenden a ariscarse, permiten observar unha perna exonerada: rasgo que nos remite a finais do século XVIII. O rostro comeza a romper a falla de expresión ladeando a súa posición e elevando os ollos ao Ceo.

Santa Bárbara é unha peza rococó feita nos anos finais do século XVIII.

NOSA SEÑORA DO CARME

É unha muller moza, de fermosas faccións que camiña sobre unhas nubes das que emerxen cabezas de querubíns. No brazo esquerdo sostén o Neno, que vai vestido cunha longa túnica volvéndose cara ao espectador, na man dereita portaría un escapulario.

SAN LORENZO DE A GRANXA

Pertence ao estilo ecléctico-naturalista do século XX. Nela reúnense as características habituais deste tipo de obras: faccións idealizadas, vestiduras de panos amplos e longos sen mostrar interese polo estudo das anatomías. O tipo iconográfico é o máis repetido nas representacións da María: figura sobre un trono de nubes e querubíns, ofrece o escapulario, leva o Neno no colo e viste o hábito carmelita.

Foi feita no segundo terzo do século XX recollendo así as características do estilo ecléctico.

SAGRADO CORAZÓN DE XESÚS

Presentase coma un home de faccións xuvenís, longa cabeleira e barba. Viste unha longa túnica e manto que lle cubre os ombros. Estende o brazo dereito mostrando as feridas e ca esquerda sinala o corazón con lume que aparece no seu peito.

As únicas noticias sobre a imaxe son a incripción que aparece na propia talla (*“Devoto recuerdo de Dn. Jesús Ferreiro Couto y su esposa D^a Alicia Lobato Vaamonde a su amada parroquia de S. Lorenzo de la Granxa, Pico Sacro”*) e o repinte de 1957.

Recolle algúns rasgos habituais da imaxinería do século XX: faccións fermosas e idealizadas, roupaxes que cobren por completo a anatomía, da que só se deixa transparentar unha perna exonerada.

A talla do Sagrado Corazón de Xesús foi feita na segunda metade do século XX nun estilo que responde ás características do eclecticismo.

SAN LORENZO

Como patrón da parroquia, preside o templo ó situarse no oco da fiestra do muro testeiro. É un home xove, imberbe, vestido cunha túnica. Leva o Evanxelario no brazo esquerdo e co dereito sostén a parrilla, símbolo do seu martirio.

As características formais responden ó estilo barroco dos primeiros terzos do século XVIII: rostro idealizado, carencia de expresividade, nulo estudo da anatomía pois esta queda oculta baixo as vestiduras cubertas de pregados aristados que se quebran ó rozar os pés.

É unha talla realizada no segundo terzo do século XVIII en estilo barroco.